



MÉRCORES 04 DE MAIO · 18:30H.

## CAOS™

CITAC, CÍRCULO DE INICIAÇÃO TEATRAL DA ACADEMIA DE COIMBRA

### ELENCO

Bernardo Agostinho, Camila Costa, Edicleison Freitas, Fernando Oliveira, Jorgette Dumby, Maria Cunha, Maria Forjaz, Mariana Brum, Sisi.

### FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Sonoplastia e produción musical: Gil Mac, Fernando Oliveira e João Valério  
Deseño e operación de luz: Guilherme Pompeu  
Escenografía, figurinos: CITAC  
Produción executiva: CITAC  
Deseño gráfico: Gil Mac, Fernando Oliveira  
Divulgación: Elara Miller e Sabrina Carilo  
Fotografía: Mafalda AR  
Vídeo: Zhang Qinzhe  
Produción: CITAC

### SINOPSE

Caos, na mitoloxía grega, é o primeiro deus primordial, a máis vella das formas de consciencia divina. O abismo, o baleiro, o nada e a explosión que orixinou o universo. Foi aquí que todo comezou, mergullamos na cosmogonía, entropía e na maxia do Caos. Unha nova xeración do CITAC tira partido desta forza catabólica que xera por medio da escisión para crear algo novo, vibrante e único. Caos™



XOVES 05 DE MAIO · 18:30H.

## ARRABALADAS

UNIVERSIDAD PÚBLICA DE NAVARRA. UPNA

### ELENCO

Unai Pérez González, Adriana Ferreira Batista, Cecilia Unzué Iribarren, Irati Rogel Bello, Laura Giménez Casado, Rachid El Kassmi Rabah, Miguel Matías Aguilera, Irati Azcarate Iribarren, Nahia Hualde Del Moral

### FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Luz e son: Fran Marcén Goñi e Koldo León Casamayor  
Vestuario e escenografía: UPNA  
Deseño cartel: Nahia Hualde Del Moral  
Coreografías: Javier Urtasun Larrat  
Dirección: Óscar Orzaiz Resano

### SINOPSE

Fernando Arrabal, galardoado co Premio Nacional de Teatro en 2001, é un dramaturgo, poeta, novelista, ensaísta e creador plástico nado en Melilla en 1932. O noso propósito con esta montaxe é poñer sobre o escenario diferentes escenas que entendemos especialmente críticas e adiantadas ao seu tempo. Convidamos ao público a descubrir o seu peculiar humor e esa aceda perspectiva que tanto domina. Para viaxar polos seus mundos, ofrecémoslles unha degustación da súa obra que representan distintas fases da súa actividade profesional e creativa, desde os anos 50 ata a actualidade. Unha auténtica delicatessen. Gustan?

# XXIV MITSU

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO DE VIGO 2022

TEATRO DA CIDADE UNIVERSITARIA DE VIGO ÁS 18:30H


ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORAMENTO




MÉRCORES 30 DE MARZO · 18:30 H.



MÉRCORES 06 DE ABRIL · 18:30 H.



MÉRCORES 27 DE ABRIL · 18:30 H.



XOVES 28 DE ABRIL · 18:30 H.



MÉRCORES 4 DE MAIO · 18:30 H.



XOVES 05 MAIO · 18:30 H.

Patrocina:



Organizan:





MÉRCORES 30 DE MARZO · 18:30H.

## XERACIÓN C

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICO DE GALICIA. ESADG

### ELENCO

Andrea Blanco, Iago Lavandeira, Nacho Pena, Yaiza Portela, Ana San Fernando, Sabela Solla.

### FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Dramaturxia: Nerea Vaqueiro

Dirección: Sara Rey

Escenografía: Carmen Casal, María Torres.

### SINOPSE

E ti... onde estarías se mañá rematara o mundo?

As etiquetas ás que nos adherimos ou que nos impoñen dende que nacemos son aquelas que nos fan sentir parte de algo. Que pasa cando rompemos as etiquetas e nos saímos do paradigma establecido?

A nosa xeración expón as luces e as sombras dun grupo diverso que se xunta para dar un salto de fé no momento exacto no que se sinte preparado para facelo.

É tan importante saltar como descubrir que hai se nos adentramos no baleiro. Saltar ás veces semella caer no baleiro, mais ofréceche a oportunidade de saber quen és realmente.



MÉRCORES 06 DE ABRIL · 18:30H.

## O PARKE DO CREPÚSKULO

AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE GRUPO MARICASTAÑA

### ELENCO

Iván Iglesias, Eva García, Iria Losada, Marcos Lama, Luz Ocampo, Miguel Estévez, Candela López, Conchi Pérez, Esther Pérez, Lola Fernández, Silvia Domínguez, Chelo Cortiñas, Pilar Mira.

### FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Técnicos de luz e son: José Manuel Bayón e

Rubén Dobaño

Cartel: Pablo Otero

Vestiario: Tegra

Fotografía e gravación: Alba Vázquez

Espazo escénico, dramaturxia e dirección:

Fernando Dacosta

### SINOPSE

Diversas persoas baixo o mesmo teito ilegal: unha que traballaba nunha empresa de desafiuzamento, outra que ten un hospital de obxectos perdidos para a sociedade, unha pintora amadora idealista que cre no decrecemento, unha doutoranda que debe acabar a súa tese sen un can, unha que escribe dende a atalaia da cultura que ninguén comprende... Todas se xuntan nunha casa abandonada preto do parque do crepúsculo, a carón do cemiterio. O que fan non é legal, okupar a casa, e, ao tempo, é de xustiza para as súas vidas e o seu xeito de pensar.



MÉRCORES 27 DE ABRIL · 18:30H.

## NOSA SEÑORA DAS NUBES

AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA CAMPUS DE PONTEVEDRA

### ELENCO

Irene Lumbreras Peláez, Diana Cidrás Rosario, Alexandre Souto Santos, M<sup>a</sup> Mercedes Pardavila Omil, Francisco Pernas Lorenzo, Carmen Durán Veloso, Uxía Couso Louzán, Natalia García Domínguez, Laura del Carmen Alonso López, Xulia Blanco Fernández, Rubén Ballesteros Sanjorge, Xiana García Aneiros, Lara González Garrido,

### FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Autoría: Arístides Vargas

Iluminación: Héctor Pazos

Escenografía: Ningures

Vestiario: Sonia Rua

Imaxe: Diego Seixo

Tradución: Santiago Cortegoso

Axudete Dirección: Omar Ferrin

Dirección: Salvador del Río

### SINOPSE

En "Nosa Señora das Nubes" o autor trata fundamentalmente dous temas: a memoria e o exilio. Esta peza arranca co encontro duns exiliados nun espazo e tempo indeterminado. A partir de aí van reconstruíndo o seu pasado, lembrando os feitos que aconteceron no pobo do que son orixinarios: Nosa Señora das Nubes.



XOVES 28 DE ABRIL · 18:30H.

## EMIGRADOS

AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA CAMPUS DE VIGO

### ELENCO

Antón Abal Rua, Laura Alonso Estévez, Juan Diego Comesaña Lorenzo, Sofía Fernández Cidrás, Lidia Gutiérrez Marín, Cecilia Jiménez López, Rosa María Molares Alonso, Miguel Rodríguez Carretero,

### FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Autoría: a partir dos textos de Anxos Sumai, Candido Pazó, Sonia Torre, Suso de Toro e Xosé Manuel Pazos.

Iluminación: Héctor Pazos

Escenografía: Pablo Giráldez "Pastor"

Vestiario: Ningures

Imaxe: Diego Seixo

Dirección: Casilda Alfaro e Sonia Rúa

### SINOPSE

Unha historia múltiple que, engarzada, constitúe un mosaico de pezas de distintos autores e autoras que dende o tratamento específico da migración, do retorno, do desarraigamento, compoñen un cadro xeral que permite apreciar nidiamente o drama individual e social que supón estoutro xeito de "exilio". Un drama social trasladado dende fóra do laio, dende a axilidade da linguaxe contemporánea, dende a ironía e sobre todo dende a cercanía, do achegamento ao público contemporáneo, dende o punto de vista da conciencia colectiva.